



BOLETÍN MAIO 2022

APE GALICIA - NOVAS

- ✓ CELEBRACIÓN DAS XORNADAS “HAI FUTURO! NOVAS OPORTUNIDADES PARA A EMPRESA RURAL” EN OURENSE, MONFORTE DE LEMOS, FENE E BOIRO
- ✓ PRESENTACIÓN NA SEDE DE APE GALICIA DAS AXUDAS PARA A TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN DO SECTOR COMERCIAL E ARTESANAL DA MAN DE MANUEL HEREDIA, DIRECTOR XERAL DE COMERCIO E CONSUMO DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

- ✓ A XUNTA DE GALICIA PON EN MARCHA A PRIMEIRA CONVOCATORIA DAS SUBVENCÍONS PARA O FINANCIAMENTO DAS ACCÍONS FORMATIVAS CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN EN UNIDADES FORMATIVAS DAS EMPRESAS
- ✓ A XUNTA DE GALICIA PON EN MARCHA UNHA NOVA EDICIÓN DO PROGRAMA RESPONSABILÍZATE PARA AXUDAR ÁS PEMES GALEGAS A SER MÁIS SOSTIBLES E IMPULSAR A SÚA COMPETITIVIDADE

APE GALICIA - NOVAS

- ❖ APE GALICIA DÁ O PISTOLETAZO DE SAÍDA ÁS XORNADAS “HAI FUTURO! NOVAS OPORTUNIDADES PARA A EMPRESA RURAL” CON MÁIS DE 30 PARTICIPANTES EN OURENSE



Máis de 30 persoas traballadoras autónomas e pemes de Ourense asistiron hoxe á primeira das xornadas inspiradoras, organizada por APE Galicia en colaboración coa Xunta de Galicia, CEO e IGAPE, para potenciar os negocios no rural enmarcada na acción “Hai futuro! Novas oportunidades para a empresa rural”. No evento, que se celebrou na Confederación Empresarial de Ourense, participaron o presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas, e a xerente de IGAPE, Patricia Villajos Grande.

Durante a xornada, Eduardo García Erquiaga, director de Galicia Business School, analizou a situación das persoas traballadoras autónomas das zonas rurais e afondou nas técnicas para mellorar o seu desenvolvemento profesional e avanzar nos seus proxectos. En xeral, o obxectivo destas xornadas formativas é inspirar ás persoas autónomas das zonas rurais, animar a emprender, consolidar e repensar o negocio no rural, destacar as fortalezas que ten a empresa nesta zona, e detectar novas oportunidades que

chegan da man dos cambios tecnolóxicos e dos cambios nos valores dos clientes. Ademais, esta iniciativa ofrece información sobre o emprendemento, a mellora no desenvolvemento profesional, a consolidación dos proxectos e a reinvencción dos negocios.

- ❖ APE GALICIA REÚNE AO REDOR DE 30 PARTICIPANTES NA XORNADA “HAI FUTURO! NOVAS OPORTUNIDADES PARA A EMPRESA RURAL” EN MONFORTE DE LEMOS



Ao redor de 30 persoas traballadoras autónomas e pemes de Monforte de Lemos asistiron hoxe á xornada inspiradora “Hai futuro! Novas oportunidades para a empresa rural”, organizada por APE Galicia en colaboración coa Xunta de Galicia e IGAPE, para potenciar os negocios no rural. No evento, que se celebrou no Hotel Cardenal, participaron o presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas, e o técnico responsable de oficina sur de IGAPE, Miguel Fidalgo.

Máis polo miúdo, Eduardo García Erquiaga, director de Galicia Business School, foi o encargado de impartir o relatorio no que analizou a situación das persoas traballadoras autónomas das zonas rurais e afondou nas técnicas para mellorar o seu desenvolvemento profesional e avanzar nos seus proxectos. En xeral, o obxectivo destas xornadas formativas é inspirar ás persoas autónomas das zonas rurais, animar a emprender, consolidar e repensar o

negocio no rural, destacar as fortalezas que ten a empresa nesta zona, e detectar novas oportunidades que chegan da man dos cambios tecnolóxicos e dos cambios nos valores dos clientes. Ademais, esta iniciativa ofrece información sobre o emprendemento, a mellora no desenvolvemento profesional, a consolidación dos proxectos e a reinvencción dos negocios.

❖ **APE GALICIA, EN COLABORACIÓN CON IEN POR EUROPA, REÚNE A UNHA VINTENA DE PERSOAS NAS XORNADAS “HAI FUTURO! NOVAS OPORTUNIDADES PARA A EMPRESA RURAL” EN FENE**



Unha vintena de persoas traballadoras autónomas e pemes de Fene asistiron hoxe á xornada inspiradora “Hai futuro! Novas oportunidades para a empresa rural”, organizada por APE Galicia en colaboración coa Xunta de Galicia, IEN por Europa e IGAPE, para potenciar os negocios no rural. No evento, que se celebrou nas instalacións de IEN por Europa, participaron o presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas, e o director xeral de Comercio e Consumo, Manuel Heredia.

En concreto, Eduardo García Erquiaga, director de Galicia Business School, foi o encargado de impartir o relatorio no que explicou e profundizou na situación das persoas traballadoras autónomas das zonas rurais e afondou nas técnicas para mellorar o seu desenvolvemento profesional e avanzar nos

seus proxectos. O director de Galicia Business School explicou cales son as fortalezas do rural, as novas oportunidades que existen na contorna rural e as técnicas para efectuar unha dixitalización efectiva. Pola súa banda, o director xeral de Comercio e Consumo, Manuel Heredia tamén informou acerca das liñas de actuación e de apoio que ten en marcha a Xunta de Galicia. Máis polo miúdo, o obxectivo destas xornadas formativas é inspirar ás persoas autónomas das zonas rurais, animar a emprender, consolidar e repensar o negocio no rural, destacar as fortalezas que ten a empresa nesta zona, e detectar novas oportunidades que chegan da man dos cambios tecnolóxicos e dos cambios nos valores dos clientes. Ademais, esta iniciativa ofrece información sobre o emprendemento, a mellora no desenvolvemento profesional, a consolidación dos proxectos e a reinvencción dos negocios.

❖ **AO REDOR DUNHA VINTENA DE PERSOAS ASISTE Á XORNADA “HAI FUTURO! NOVAS OPORTUNIDADES PARA A EMPRESA RURAL” EN BOIRO, ORGANIZADA POR APE GALICIA EN COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN BOIRENSE DE EMPRESARIOS**



Ao redor dunha vintena de persoas traballadoras autónomas e pemes de Boiro asistiron hoxe á xornada inspiradora “Hai futuro! Novas oportunidades para a empresa rural”, organizada por APE Galicia en colaboración coa Xunta de Galicia, Asociación Boirense de

empresarios (ABE) e IGAPE, para potenciar os negocios no rural. No evento, que se celebrou nas instalacións de ABE, participaron o presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas, e o a subdirectora da Oficina Galicia Emprende, IGAPE, Fany Suárez.

Máis polo miúdo, Eduardo García Erquiaga, director de Galicia Business School, foi o encargado de impartir o relatorio no que analizou a situación das persoas traballadoras autónomas das zonas rurais e afondou nas técnicas para mellorar o seu desenvolvemento profesional e avanzar nos seus proxectos. O director de Galicia Business School explicou cales son as fortalezas do rural, as novas oportunidades que existen na contorna rural e as técnicas para efectuar unha dixitalización efectiva. Pola súa banda, a subdirectora da Oficina Galicia Emprende, IGAPE, Fany Suárez, tamén informou acerca das liñas de actuación e de apoio que ten en marcha a Xunta de Galicia. En xeral, o obxectivo destas xornadas formativas é inspirar ás persoas autónomas das zonas rurais, animar a emprender, consolidar e repensar o negocio no rural, destacar as fortalezas que ten a empresa nesta zona, e detectar novas oportunidades que chegan da man dos cambios tecnolóxicos e dos cambios nos valores dos clientes. Ademais, esta iniciativa ofrece información sobre o emprendemento, a mellora no desenvolvemento profesional, a consolidación dos proxectos e a reinvencción dos negocios.

- ❖ **O DIRECTOR XERAL DE COMERCIO E CONSUMO, MANUEL HEREDIA, PON EN VALOR A DINAMIZACIÓN COMERCIAL NA PRESENTACIÓN DAS AXUDAS PARA A TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN DO SECTOR COMERCIAL E ARTESANAL NA SEDE DE APE GALICIA**



A sede de APE Galicia en Pontevedra acolleu a presentación das axudas para a transformación dixital e modernización do sector comercial e artesanal, da man de Manuel Heredia Pérez, director xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia, acompañado pola subdirectora de Comercio, Marta López, e a xefa do servizo de Promoción Comercial e Artesanía, Laura Fontenla.

No acto, o presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas, agradeceu ás persoas asistentes e amosou o seu orgullo por ser a cabeza visible da Asociación. Ademais, Caldas tamén fixo un chamamento á Xunta de Galicia e tendeu a súa man para impulsar e apoiar o comercio pequeno e familiar que “pouco a pouco se afunde”. Pola súa banda, Heredia Pérez sinalou que “somos plenamente conscientes de que o sector comercial está desactualizado” e adiantou que están a traballar “nun programa formativo integral para o sector do comercio que esperamos que vexa a luz en breve”. “Dende a Xunta de Galicia estamos proporcionando ás ferramentas para afrontar esa transformación do pequeno comercio”, indicou, “estamos facendo grandes esforzos no ámbito da dinamización comercial é na diferenciación de cada negocio para así atraer máis clientes”.



Durante a presentación Manuel Heredia e Marta López explicaron que a finalidade destas axudas, dirixidas a comerciantes retailistas e obradoiros artesanais, é dar impulso e modernizar ao sector

comercial galego para que poida aproveitar as oportunidades tecnolóxicas que existen na actualidade, mellorando desta maneira a conexión co cliente. Ademais, o director xeral de Comercio e Consumo resaltou o éxito destas subvencións que cada vez xeran máis interese e que na última edición solicitaron ata 800 comerciantes.

Máis polo miúdo, este programa de subvencións, que este ano conta cun orzamento de 6 millóns de euros e ten aberto o prazo de solicitude ata o 23 de xuño, está dividido dúas liñas que son a liña de dixitalización comercial e a liña de modernización comercial. No que respecta á liña de dixitalización comercial, existen dous módulos de actuacións subvencionables en función do grao de dixitalización do comercio e están dirixidos a obradoiros artesáns e comerciantes retalistas con tenda física, e tamén a comerciantes sen tenda física.

Neste eido, Heredia explicou que se divide en dous módulos para que “a dixitalización se faga dunha forma progresiva e acorde ás necesidades de cada comerciante”. Ademais, o director xeral de Comercio e Consumo indicou que a realización dunha enquisa a nivel autonómico ás asociacións de comerciantes amosou “un grao de dixitalización moi baixo” e, por iso, “é importante dar as ferramentas necesarias para trasladar o que teñen en físico ao virtual”. En canto á liña de modernización comercial, para obradoiros artesáns e comerciantes retalistas con tenda física, está destinada á adquisición de equipamento e conta cun investimento de 7.000 euros.

A recente crise sanitaria da COVID-19 e o crecemento do mundo tecnolóxico fan cada vez máis imprescindible a implantación e impulso da estratexia dixital nas pequenas e medianas empresas e, neste caso concreto, no sector comercial e artesanal, para poder adecuarse á nova realidade e introducir novas tecnoloxías.

INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

❖ A XUNTA DE GALICIA PON EN MARCHA A PRIMEIRA CONVOCATORIA DAS SUBVENCIÓNS PARA O FINANCIAMENTO DAS ACCIÓNS FORMATIVAS CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN EN UNIDADES FORMATIVAS DAS EMPRESAS

A Xunta vén de publicar no Diario Oficial de Galicia as bases reguladoras para o período 2022-2024 e pon en marcha a primeira convocatoria das subvencións para o financiamento das accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (para o exercicio 2022-2023). Entendemos por unidade formativa da empresa a formación con compromiso de contratación impartida con medios propios da beneficiaria, ou a través dunha entidade contratada, que teña por obxectivo a realización das accións formativas solicitadas e relacionadas coa súa actividade empresarial.

Con estas axudas promóvese a formación para o emprego estable e de calidade e a inserción no mundo laboral de persoas traballadoras desempregadas. De feito, estas subvencións vencellan de xeito directo formación e emprego, asociando a necesidade da empresa de contar con persoas cualificadas e adaptadas as súas formas de produción, coa procura activa de emprego por parte das persoas desempregadas.

Está dirixido a empresas, de calquera forma xurídica, e a agrupacións temporais de empresas que presenten solicitude conxunta, mediante un convenio que acredite tal agrupación. E, tamén, a empresas que sexan entidades de formación e que sexan titulares de centros ou entidades de formación inscritos

para impartir formación profesional para o emprego no ámbito laboral da Comunidade Autónoma de Galicia naquelas especialidades formativas para as que soliciten subvención.

As liñas de formación subvencionables son a liña formativa I, de carácter xeral: destinada a impartir accións formativas para o emprego con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas dirixidas a persoas traballadoras desempregadas. E a liña formativa II, de infrarrepresentación feminina: destinada a impartir accións formativas para o emprego con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas, dirixidas a mulleres traballadoras desempregadas, correspondentes a aquelas ocupacións laborais e profesionais en que exista infrarrepresentación feminina.

❖ A XUNTA DE GALICIA PON EN MARCHA UNHA NOVA EDICIÓ DO PROGRAMA RESPONSABILÍZATE PARA AXUDAR ÁS PEMES GALEGAS A SER MÁIS SOSTIBLES E IMPULSAR A SÚA COMPETITIVIDADE



A Xunta pon en marcha unha nova edición do programa Responsabilízate co obxectivo de axudar ás pemes galegas a ser máis sostibles e impulsar a súa competitividade.

Esta iniciativa ofrece asesoramento gratuíto para incorporar criterios sostibles, sociais e de gobernanza, así como no desenvolvemento da Responsabilidade Social Empresarial (RSE).

A Xunta aspira con esta iniciativa a reter talento e anticiparse ás esixencias europeas en materia de igualdade laboral, transparencia, dereitos

humanos, ou loita contra o cambio climático dende o mundo da empresa.

Neste programa poden participar PEMES e persoas traballadoras autónomas (que teñan radicado o seu domicilio social ou que conten con algún centro de traballo en Galicia) que cumpran os seguintes requisitos: Ter, polo menos, unha persoa traballadora por conta allea. Non superar os 50 millóns de euros de volume de negocio anual ou ter un balance anual inferior a 43 millóns de euros. E non ser unha entidade sen ánimo de lucro.



Para mais información, visita as nosas webs:

<http://www.apegalicia.es/>

<http://www.apegalicia.gal/>

O nas nosas redes sociais:



<https://www.facebook.com/ApeGalicia>



https://www.instagram.com/ape_galicia/

APE GALICIA

Tfno.: 986 89 16 57

Móvil: 697 195 540

E-mail:

info@apegalicia.es

Dirección: Gajos de
Mendoza Nº2, Bajo 2 -
36001 Pontevedra

